

# Unión Radio Galicia

## A emisora do Estatuto

ARTURO MANEIRO VILA

A primeira emisora<sup>1</sup> de Galicia, instalada pola empresa Unión Radio en xaneiro de 1933, e por tanto a primeira actividade radiofónica galega, foi posible grazas a unha motivación política e social. A iniciativa partiu dun pequeno grupo de galeguistas inquedaos e dispostos a sacar adiante un estatuto de autonomía para Galicia<sup>2</sup>. Eran conscientes de que este tipo de propostas necesita contar cun apoio social amplo que só podían conseguir coa difusión desas ideas e espertando as conciencias dos cidadáns. Eran tamén moi conscientes de que o novo medio de comunicación emerxente neses momentos sería a ferramenta máis axeitada. Tiñan a segurida-

de de que unha emisora de radio era o mellor sistema de difusión para espertar o sentimento autonomista e acadar apoio para o Estatuto. Grazas a estas motivacións, quedou constancia documental abonda de moitos dos pasos dados para a instalación de Unión Radio Galicia.

Durante o ano 1932 xa se rexistra un certo interese social polo fenómeno da radiodifusión. Existían aparatos receptores nalgúns sectores sociais polos que debían pagar un canon especial, aínda que os cidadáns evitaban este pago sempre que podían<sup>3</sup>. En todo caso, isto demostra que había un ambiente social favorable a este novo medio de comunicación entre os sectores cultos da cidade de Compostela, sempre tendo en conta que eran moi poucos os fogares con receptores<sup>4</sup>.

Tamén coincide que neste ano, durante a presidencia de Niceto Alcalá-Zamora e o mandato de



Santiago Casares Quiroga en Gobernación, se preparou a normativa que permitiu a instalación de emisoras locais de radio. No famoso decreto do 8 de decembro de 1932 recoñécese o desexo social de contar con esta nova tecnoloxía<sup>5</sup> e a necesidade de regular a súa instalación no ámbito local.

En Santiago de Compostela houbo durante todo o ano 1932 unha ampla actividade política de redacción do Estatuto de Autonomía. E foi xustamente neste proceso onde os políticos galegos sentiron a necesidade de contar cun medio de comunicación que axudase a espallar as ideas autonomistas. Sempre que se menciona o obxectivo da autonomía

política, fálase da utilización como medio de comunicación e propagación das ideas políticas a favor do Estatuto<sup>6</sup>.

Unha vez instalada, a documentación existente non deixa dúbida sobre as motivacións. Xa a primeiros de xaneiro de 1933, a Liga Santiaguesa a prol do Estatuto publica unha información na que notifica que ían moi avanzadas as xestións coa Unión Radio

[...] para establecer la estación que desde a nuestra vieja urbe ha de avivar la llama para que el magno acontecimiento de la consecución de nuestra Autonomía Regional sea un hecho cada vez más sentido y más querido por los ciudadanos de toda Galicia.

Estes obxectivos tamén quedaban perfectamente explícitos nunha das primeiras intervencións na

Arturo Maneiro Silva é doutor en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Navarra. Profesor Asociado da Área de Audiovisual da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo. Presidente da Asociación de Periodistas de Galicia e director de *Comunica*, revista de estudos de comunicación. Foi director da Radio Autonómica de Galicia, director de Televisión de Galicia e director dos Servizos Informativos de TVG.

emisora do oftalmólogo coruñés Xerónimo Sal Lence<sup>7</sup>. Foi o venres 3 de febreiro de 1933, cando case estaba acabada de instalar. O doutor Sal Lence pode considerarse como un dos principais inspiradores ou promotores da utilización da radiodifusión en Galicia para lograr obxectivos políticos e sociais.

Así o afirma el mesmo no comezo do seu discurso ante os micrófonos, cando sinala que era un motivo de gran ledicia contar cunha “Estación Radio Emisora de Galicia”, acadando así a primeira parte dos seus insistentes rogos á Comisión do Estatuto. A segunda parte estribaba en dotar aos concellos rurais de aparatos receptores axeitados. Tamén recordou a súa campaña na prensa a favor do que denominaba “radiofonía rural”.

Queda así moi claro que existiu un impulso político intenso previo no que se consideraba a instalación dunha emisora de radio como instrumento imprescindible para lograr o obxectivo político do Estatuto de Autonomía. Como dicía ardorosamente Sal Lence:

Hoxe, aquela palabra emitida diante dun micrófono<sup>8</sup> conmove o éter que enche o espazo e, con ritmo e lonxitude de onda distintas atravesando instantaneamente os puntos máis apartados da terra. Hoxe o máis remoto campesiño da máis remota aldea ten a posibilidade, mediante un aparato receptor, de recoller na súa antena noticias diarias de todo canto de interese poida ocorrer no mundo.

Por iso, unha vez instalada a emisora de radio, esbozou xa unha proposta de programación específica de propaganda a favor do Estatuto de Autonomía.

Como xa por fortuna temos unha Central galega radio emisora, por ela deben desfilar unha vez por semana en ciclo de conferencias de divulgación as persoas máis representativas da cultura do noso país para facer chegar aos máis apartados recunchos da rexión aquelas suxestións que estimasen útiles ao coñecemento do noso pobo.

<sup>1</sup> Nos primeiros momentos denominábase indistintamente “Unión Radio en Galicia” ou “Unión Radio Gallega”, “Unión Radio Galicia” aínda que nas informacións sobre a programación na prensa de Santiago de Compostela se denomina sen máis “Emisora Compostelana”.

<sup>2</sup> “Un grupo de santiagueses, creyendo recoger la ansias de su pueblo, que en todo momento supo reclamar un puesto de vanguardia en la defensa de los intereses regionales, hizo un llamamiento... llamamiento que dio como resultado la constitución de la Liga Compostela Pro Estatuto, que hoy se presenta al pueblo... Quiere la naciente entidad ofrecer a sus convecinos, más que esperanzas, realidades, y siente ávidos sus entusiasmos por el éxito de las primeras gestiones a favor del establecimiento de una estación radioemisora instalada y dirigida por ‘Unión Radio’, que actuará sobre toda la región, llevando a ella los ecos de la vibrante tensión de nuestro pueblo ante el resurgimiento de Galicia”, *El Compostelano*, 13-I-1933, p. 1.

<sup>3</sup> *El Eco de Santiago* publicou o día 22 de marzo de 1932 un anuncio de Correos moi significativo: “Finalizando el 31 del mes actual el plazo para la obtención de licencias de aparatos receptores, se advierte a los señores poseedores de los mismos que no hayan satisfecho el canon correspondiente, que la Dirección General de Telégrafos y Teléfonos, por medio de sus agentes está decidida a hacer efectivas con todo rigor, a partir del 1 de abril, las sanciones reglamentarias referentes a aparatos clandestinos. En las oficinas de Telégrafos de esta ciudad pueden obtenerse las expresadas licencias todos los días laborables de nueve y media a una y media”. Os que non tiñan licenza eran considerados clandestinos, como se especifica na advertencia do ano 1933.

<sup>4</sup> Nas cifras oficiais de 1933 constaban en Galicia un total de 2.483 licenzas, cifra que representaba o 1 por 1.000 habitantes. Na Coruña figuran 762 licenzas nese ano, pero non se fai referencia a Santiago de Compostela, polo que debían ser cantidades moi pequenas.

<sup>5</sup> Na exposición de motivos do decreto (*Gaceta de Madrid* 348, p. 1829, do 13 de decembro) afirmábase que se autoriza a instalación de novas emisoras “para no impedir los propósitos manifestados por diversas entidades oficiales o particulares de dotar a determinadas poblaciones del moderno y ya indispensable servicio de radiodifusión por medio de pequeñas estaciones de carácter local”.

<sup>6</sup> *El Eco de Santiago* publica o día 21 de decembro un artigo instando á montaxe da emisora con toda dilixencia porque a Radio aínda podía facer moito polo Estatuto de Autonomía. O día 22 publica outra columna na que se pregunta o autor “¿por qué no continuar con la ilusión de emocionarnos ante la posibilidad de escuchar Radio Compostela?”

<sup>7</sup> Jerónimo Sal Lence. Médico coruñés nado en 1884. Ingresou no corpo da sanidade militar e especializouse no estudo das enfermidades da vista. Publicou artigos de temática moi variada, entre eles “Médicos gallegos en la política y las bellas letras”.

Sacou a praza no hospital de Oza da Coruña en 1933, tal como consta no Boletín Oficial del Estado, daquela denominado *Gaceta de Madrid*, número 133, p. 1126 de 19 de maio: “Este Ministerio (de Gobernación)

A inauguración oficial da emisora anunciouse con certo optimismo

para a tarde do domingo, día 8 de xaneiro, con asistencia do ministro de Gobernación, Santiago Casares Quiroga, así como de todas as autoridades locais e provincias.

O acto non se puido celebrar como se previu, pero comezaron as emisións de proba...

### Instalación da emisora

O proceso de montaxe e consolidación non estivo exento de dificultades. Os promotores defenderon desde o primeiro momento a instalación dun equipo moderno, pero tamén foron conscientes da necesidade de acadar apoio social, sen perder de vista o máis importante: conseguir subscritores e publicidade para manter a emisora, que pasou momentos de apuros serios como se irá comprobando.

En canto ao equipamento, xa anunciaban a principios de xaneiro de 1933 que estaban a manter conversas coa empresa española máis importante da radiodifusión. No manifesto<sup>9</sup> publicado nesa data amosaban a súa confianza en Unión Radio:

Desde luego el prestigio de Unión Radio hace concebir las mejores esperanzas en cuanto al estilo de la emisora desde el punto de vista técnico; todos conocemos la red que tiene establecida en España e ningún radioescucha dejaría de oír las emisoras de Madrid, Valencia, Sevilla, San Sebastián, etc. [...] La de Santiago será instalada de acuerdo con la técnica más seria y depurada, esperamos que satisfará los deseos de los gallegos que están pendientes de nuestro programa.

As conversas cos directivos de Unión Radio comezarán a finais do ano 1932<sup>10</sup> e concretáronse nos primeiros días de 1933. O contrato coas condicións ás que se comprometían os homes da Liga, sobre todo o compromiso de traballar por conseguir recursos económicos.

El contrato con Unión Radio lo cerró la Liga en nombre de la ciudad de Santiago el miércoles por de noche (día 4 de enero)<sup>11</sup>, después de haber estudiado con el mayor cuidado las cifras y condiciones en que el pueblo compostelano entra en disfrute de un medio de difusión que tanto ha de contribuir al conocimiento de los tesoros que encierra la región gallega.

O luns 2 de xaneiro chegara a Santiago de Compostela o director xeral de Unión Radio, enxeñeiro Ricardo María de Ugoiti, acompañado do tamén enxeñeiro señor Córdoba, para iniciar a montaxe da emisora. O equipamento saíra de

Madrid ao día seguinte co persoal técnico para a montaxe, mentres que os responsables da empresa eléctrica se comprometeran a facer a acometida de forma inmediata.

Nun primeiro momento, os técnicos pensaron instalar a antena na torre da Igrexa de Santo Agustín<sup>12</sup>, pero despois de varios estudos decidiuse a montaxe de dous mastros metálicos de 35 metros de altura no patio do convento de San Domingos de Bonaval<sup>13</sup>.

As oficinas instaláronse provisionalmente nos locais da Cámara de Comercio<sup>14</sup>, pero os promotores buscaban un lugar céntrico axeitado, por iso, antes de rematar o mes de xaneiro xa estaban os estudos definitivos na praza da Universidade, 5, 1<sup>o</sup>.

A inauguración oficial da emisora anunciouse con certo optimismo para a tarde do domingo día 8 de xaneiro con asistencia do ministro de Gobernación, Santiago Casares Quiroga, así como de todas as autoridades locais e provincias. Este acto non se puido celebrar tal como se previu, pero si comezaron as emisións de proba, que parece o máis propio para datas inmediatas á instalación dos equipos, e máis cando non estaba completada totalmente.

Os problemas que xurdiron nestes primeiros días deberon estar centrados na forma de financiamento e na dependencia do funcionamento da emisora, porque os dirixentes políticos do Comité da Autonomía séntense na obriga de clarificar a situación publicamente<sup>15</sup>:

Aun cuando la Estación radiofónica de Santiago se dedicará principalmente a la propaganda autonomista, no depende del Comité central de Organización de la Autonomía. Este servicio, así antes de la Asamblea como ahora, se organizará con independencia. [...]

Los obstáculos que surgieron para su organización son ajenos a la voluntad del Comité y parece que desaparecerán muy en breve, y que uno de estos días se abrirá la Estación.

Da información dispoñible despréndese que o 15 de xaneiro quedou inaugurada Radio Galicia, sen estar aínda en pleno rendemento de potencia, quizais en probas, coa intervención de varios membros do Comité Central do Estatuto, que



En decembro de 1932 celebrouse en Santiago de Compostela a Asemblea de Municipios encargada de elaborar o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. As súas conclusións foron retransmitidas vía telefónica ás comunidades emigradas de América. Estaba a nacer a radio galega.

aproveitaron tamén para dar información dos acordos recentes deste organismo<sup>16</sup>.

Primeramente les dirigió un saludo cordial el alcalde de Orense, señor Álvarez Dopazo, y luego pronunciaron elocuentes discursos los señores Carnero Valenzuela, de la Federación republicana de izquierda gallega; González Salgado diputado provincial de Orense; doctor Sebastián González, Profesor de la Universidad y delegado del partido galleguista; y el presidente señor Osorio Tafall.

Aproveitando este período provisional<sup>17</sup>, os políticos responsables da organización autonómica de Galicia inician xa a actividade de divulgación das ideas a favor do Estatuto. A primeira intervención da que se ten constancia nesta etapa inicial foi a de Castelao que, polo tanto, foi tamén a súa primeira intervención nos micrófonos de Radio Galicia. Era o 22 de xaneiro e falou sobre as vantaxes dunha Galicia con autonomía política e administrativa<sup>18</sup>. Tres días despois, Alexandre Bóveda pronunciou un novo discurso, xa nos estudos definitivos da Praza da Universidade, sobre os aspectos económicos do Estatuto.

En días posteriores interviron case todos os homes da cultura relacionados co Estatuto de Autonomía. Ademais dos mencionados: Filgueira Valverde, Sebastián González, o avogado Lino Torres. O venres 3 de febreiro foi o doutor Sal Lence coa devandita charla sobre a importancia da radio no proceso autonómico. O domingo 5

de conformidad con lo informado por el Consejo Nacional de Sanidad y la propuesta de esa Dirección general, ha tenido a bien nombrar a D. Jerónimo Sal Lence para ocupar el cargo de médico oculista del Sanatorio Marítimo de Oza, con el haber anual de 3.000 pesetas que percibirá... y por un período de 10 años, prorrogable por períodos sucesivos de otros diez, previo informe del Jefe de la Dependencia. Lo digo a V. I, para su conocimiento y efectos". Madrid, 12 de mayo de 1933.

Despois da guerra tivo problemas coa súa praza en Oza, da que foi desposuído, pero gañou o contencioso presentado en 1948 contra a ministerio da Gobernación, que lle deu a razón en 1953, cando xa estaba preto dos 70 anos. Doou unhas casas da súa propiedade no barrio dos Castros na Coruña para instalar un instituto de Ensino Medio no ano 1937.

A información da charla foi publicada na primeira páxina de *El Compostelano* do luns 6 de febreiro de 1933. Nótase que foi antes de gañar a praza no hospital de Oza.

<sup>8</sup> Tradúcense aquí o galego os parágrafos textuais da conferencia radiofónica xa que a versión publicada no mencionado diario é unha tradución ao castelán da charla feita en galego, como era habitual no doutor Sal Lence, tal como se sinala na propia información.

<sup>9</sup> *El Compostelano. Diario Independiente*, 5-1-1933, primeira páxina.

<sup>10</sup> Telefónica de España presentara á Liga un presuposto para transmitir a toda España e Portugal durante tres meses os preparativos da asemblea de alcaldes pro Estatuto por un importe de 18.000 pesetas. Pero a oferta non foi aceptada porque non supoñía unha instalación permanente (*El Eco de Santiago*, 20-XII-1932). A partir deste momento comezaron as conversas con Unión Radio, empresa na que tamén participaba Telefónica.

<sup>11</sup> *El Compostelano*, 7-1-1933, primeira páxina. Para celebrar o peche do contrato os representantes da Liga Santiaguesa.

<sup>12</sup> "Se montará en el edificio que fue de los jesuitas, en la parte que pertenece la mitra, la cual ya ha dado el necesario permiso, y las antenas en la terraza o acaso en la torre de San Agustín". (*El Eco de Santiago*, 2-1-1933)



A oferta de aparatos receptores empezaba a ser cada vez máis variada. Cálculase que en 1933 podía haber en Galicia arredor de 2.500.

En 1936 comeza unha nova campaña a favor do Estatuto, unha vez convocado o referendo de aprobación. Volve a quedar patente a finalidade principal da emisora compostelá...

de febreiro, tamén na sobremesa, interveu o secretario de propaganda da Liga Compostelana pro Estatuto, señor Beiras García, falando sobre os sectores que critican a autonomía de Galicia cun tema que denominou “antitípicos”. Enrique Rajoy, secretario xeral do Comité central do Estatuto e decano do Colexio de Avogados, entre outros moitos que fixeron propaganda a favor del Estatuto. O político Manuel Balboa López, da Unión Regional de Derechas, uniuse á defensa do Estatuto na emisora de Unión Radio. Pero tamén houbo intervencións de ámbito puramente cultural, non estatutario nin político.

Durante todo o mes de febreiro e mediados de marzo vaise logrando o total axuste da emisión e considerase superado o período de probas. A emisión concentrábase no horario de sobremesa, entre as 14,30 e as 16,00 horas. A partir do 17 de marzo<sup>19</sup> comeza a anunciarse na prensa a programación regular do que denominan a “Emisora Compostelana” que estaba repartida en dúas franxas horarias: de 14,30 a 15,30, e unha sesión de noite de 20 a 21 horas. Desde o 26 de abril xa comeza a utilizarse o indicativo completo da emisora: EAJ4<sup>20</sup>. Engádense datos técnicos da emisión<sup>21</sup>: 368 metros, 815 Kc. 0,200 Kw, con poste radiante e emisora en San Domingos e os estudos na praza da Universidade<sup>22</sup>.

### A programación

Desde marzo de 1933 ata setembro de 1935 Radio Galicia mantivo a mesma estrutura de programación. As primeiras emisións estaban compostas con pezas musicais e unhas pequenas doses de información que foron aumentando co paso do tempo. Progresivamente incluíronse transmisións musicais en directo que se celebraban nalgún salón de Santiago de Compostela, como a actuación da orquestra Carriedo, desde o Café Savoy, ou un concerto desde o Hotel Compostela. En marzo xa se rexistra a primeira emisión de contos galegos do coñecido personaxe compostelán *O Vello dos Contos*, Xosé Mosquera Pérez, que se convertería nun colaborador habitual. A finais de abril anúnciase a emisión de *Vaites..., vaites...!*, un pasatempo<sup>23</sup> en prosa galega nun acto, orixinal de Ricardo Frade Giráldez, e no que interviña como actor un xove Antón Fraguas.

Ou en maio coa retransmisión desde o Café Español dun gran recital de canto polo notable barítono Luis Prats. Salientábase de forma especial as intervencións de mulleres ante os microfónos<sup>24</sup>. Para os comezos de emisión utilizábase o son das campás da catedral.

No mes de xuño, desde o día 23, comeza a emitirse un informativo “noticias internacionales”,

a partir das 21.00 horas. En setembro<sup>25</sup> inicia un novo espazo informativo o diario falado *La Palabra. Información de todo el mundo, servicio directo de Unión Radio Galicia*, con tres emisións de 20 minutos ao longo do día. As novas elaborábanse na redacción central de Unión Radio en Madrid e pasábanas por teléfono a Santiago de Compostela, onde eran recollidas por taquígrafos e mecanografadas para que fosen lidas polos locutores composteláns. Nestes primeiros momentos só aparece o nome de Diéguez como primeiro locutor de Radio Galicia. Despois chegaría Francisco Pazos Deus coñecido na prensa como “el speaker Pazos”. Xa posteriormente comeza Ángel Peña, un novo profesional do micrófono da emisora de Santiago de Compostela.

Pouco a pouco vanse introducindo as conexións en cadea de Unión Radio e a emisora de Santiago de Compostela tamén vai participando desta comunicación máis directa. En xuño de 1935 hai un programa extraordinario con motivo do décimo aniversario de Unión Radio, cunha emisión en cadea na que participan as principais de España. Unión Radio Galicia de Santiago intervéñen en primeiro lugar coa satisfacción de que os seus contidos van ser radiados a toda España.

En 1935 transmítese por primeira vez desde o Obradoiro o festexo dos Fogos do Apóstolo<sup>26</sup>, coas limitacións propias da técnica do momento. Tamén foron emitidos os actos relixiosos do 25 de xullo en conexión con toda Unión Radio<sup>27</sup>. A partir do día 1 de setembro deste ano abre xa as súas emisións ás 8.30 horas co informativo *La Palabra*. Poucos días despois fai a súa primeira experiencia de transmitir directamente desde Madrid a última edición deste informativo ás 22.00 horas.

En 1936 comeza en Radio Galicia unha nova campaña a favor do Estatuto de Autonomía, unha vez que o referendo de aprobación foi convocado. Volve a quedar patente a finalidade principal da emisora compostelá, distinguíndose así das demais que xa existen en Galicia<sup>28</sup>. Desde o 17 de maio de 1936, Radio Galicia transmitiu en directo todos os actos a favor do Estatuto de Autonomía ata o 6 de xullo, data na que Enrique Rajoy Leloup deu a coñecer oficialmente polos micrófonos da emisora o resultado do referendo celebrado o día 28 de xuño.

## As dificultades dos primeiros tempos

Non obstante, para chegar ata aquí, os primeiros pasos de Radio Galicia non foron doados desde o punto de vista de mantemento económico. Aos poucos meses do seu inicio comezaron a xurdir problemas, e mesmo se falaba no

<sup>13</sup> “Contemplad en Santo Domingo la antena que atrevida se yergue hace lo alto cual si fuera un ojo vigilante en el ambiente tranquilo de la población... (Artículo entusiasta de J. V. González, en *El Eco de Santiago*, 30-IX-1933). Así e todo, na revista oficial da Unión Radio, *Ondas*, publicaron unha foto da catedral co texto: “Preciosa vista de la torre donde se halla instalada la antena de la emisora de Santiago” (*Ondas IX*, núm. 411, Madrid, 20-V-1933).

<sup>14</sup> A Cámara de Comercio foi un local moi utilizado para actividades a favor do Estatuto, e alí se celebraron asembleas dos representantes sociais para tomar decisións. (*El Eco de Santiago*, 9-I-1933).

<sup>15</sup> *El Eco de Santiago*, 16-I-1933.

<sup>16</sup> Trascrito exactamente de *El Eco de Santiago*, 16-I-1933.

<sup>17</sup> Bernardino Lago publicou unha columna en *El Compostelano* do 20 de xaneiro, no que criticaba o estilo do locutor porque “Se oía éen pruebas y no en-pruebas”.

<sup>18</sup> *El Eco de Santiago*, 23-I-1933: “Por la tarde, el señor Rodríguez Castelao ha pronunciado un brillante y bello discurso que fue radiado a toda Galicia, hablando de lo que será nuestra tierra en cuanto tenga autonomía”.

<sup>19</sup> Nesta data anunciase no xornal *El Compostelano* e a partir do 21 de marzo, xa se publica a programación en *El Eco de Santiago*.

<sup>20</sup> O indicativo EAJ4 proviña de Radio Castilla, unha concesión a favor de Antonio Castilla, enxeñeiro de electricidade, fabricante de equipos electrónicos, con data 6 de outubro de 1924. Esta emisora estaba instalada en Madrid, na rúa Áncora, 6, e foi transferida a Unión Radio con data 12 de abril de 1927. (*Historia de la radiodifusión en España*, Madrid: Virgilio Soria., 1935. En opinión dos primeiros responsables de Radio Galicia, o equipo emisor debía ser o orixinario de EAJ4, xa que non era de primeira man.

<sup>21</sup> No Plan de Lucerna, ou Convenio de Lucerna, que xurdiu da Conferencia Europea de Radiodifusión de 19 de xuño de 1933, cámbianse os datos de lonxitude de onda de Santiago de Compostela que pasan a ser 201,1 metros e 1.492 kc. (*Ondas*, 2-I-1934). Pero non se reflicte a información na prensa compostelá ata o 15 de xuño de 1935.

<sup>22</sup> Existen referencias de que neste ano 1933 xa se escoitaba desde moitas partes de Galicia: en Ferrol, Ribadeo, e mesmo xunto ás escavacións de Caaveiro en Pontedeume (*El Eco de Santiago*, 30-IX-1933, primeira páxina).

<sup>23</sup> No programa publicado nos xornais dese día aparecía co nome “Baites, baites”.

<sup>24</sup> O día 21 de xuño de 1933 salíentase “charla feminina por la insigne escritora Srta. María Luz Morales” (*El Eco de Santiago*).

<sup>25</sup> A primeira referencia aparece en *El Eco de Santiago*, 6-IX-1933.

<sup>26</sup> Foi o 24 de xullo e comezou ás 23,45 horas.

<sup>27</sup> “El día del Apóstol, a la cinco de la tarde recibiose un telegrama de Valencia dirigido a una persona que vino a las Fiestas en el cual su familia decía: ‘Hemos oído la función y sobre todo la Ofrenda mejor que tú, pues la oímos cómodamente sentados, sin apreturas ni empujones, Adios’” (*El Eco de Santiago*, 30-VII-1935)

<sup>28</sup> “En las demás estaciones emisoras de Galicia también se hacen gestiones para que se radien conferencias y charlas de divulgación del Estatuto” (*El Eco de Santiago*, 5-VI-1936) Este parágrafo deixa claro que estas actividades non se levaban a cabo ata este momento. Consta tamén que a principios de xuño Castelao pronunciou unha conferencia a prol do Estatuto en Radio Lugo (*El Eco de Santiago*, 3-VI-1936). O día 7 infórmasse que os discursos autonomistas foron retransmitidos polas emisoras de Compostela, Pontevedra, Vigo, Ourense e Lugo.

## Durante a Guerra Civil, Radio Galicia queda desconectada de Unión Radio

e ten que manter a programación baixo a censura da guerra.

A propaganda a favor do Estatuto de Autonomía cámbiase por alocucións patrióticas a favor do exército de Franco...

verán de 1933 da posibilidade de que cesase nas súas emisións.

A prensa compostelá tivo que saír en auxilio, recomendando a subscrición<sup>29</sup> dos radioíntes e a inclusión de publicidade por parte dos comerciantes:

[...] hace falta que quienes se aprovechan de la Radio cooperen al sostenimiento de la Emisora Compostelana ya suscribiéndose con una suma mensual o bien proporcionándole publicidad.

Lo importante es que nuestra Emisora pueda continuar en Compostela y que tenga medios de cumplir los fines que persiguen estos valiosísimos elementos de progreso<sup>30</sup>.

Se nos dice<sup>31</sup> que, a causa de las estrecheces en que vive y de los gastos que tiene, la emisora que Unión Radio tiene establecida en esta ciudad está en situación de que el día menos pensado cese de funcionar.

La noticia interesa, en primer lugar, a los que tienes aparatos de radio, en los cuales dos veces al día, de sobremesa y por la noche, oyen relatos, composiciones musicales, conferencias instructivas, cuentos de la tierra y noticias de todo el mundo y de servicio exclusivo de Unión Radio. Pero también importa a los que, sin recibir directamente el beneficio, sienten cariño a las conquistas y mejoras locales, porque ésta de la que venimos tratando, la es y en grado sumo.

El público no se percata bien de los gastos que tiene una emisora de la categoría de la de Santiago, con su speaker, su gasto de energía, su ingeniero director e inspector de la estación emisora, aparatos que hay que amortizar, alquiler de discos, abonos de derechos de publicidad y de autor, servicio de noticias comunicadas por teléfono, etcétera, etc.

Por nuestra parte, una vez más excitamos a los que puedan evitar que se cierre nuestra emisora, de la Santiago de Compostela, para que lo hagan cooperando a su sostenimiento.

Un experto colaborador<sup>32</sup> nesta época afirmaba:

Es indudable que si la Emisora de Radio dejara de funcionar en Santiago, todos los radioyentes, especialmente los de fuera de nuestra población sentirían un vacío no fácil de compensar. Hay que

darse cuenta de la emoción que produce oír desde lejos, a través de muchos kilómetros, el lenguaje broncineo de la campaña grande cuando nos marca las tres de la tarde...

A historia demostra que houbo resposta dos axentes sociais e dos radioíntes, porque saíron da crise e a emisora de Compostela continuou funcionando a pesar deste primeiro susto.

### Acontecementos políticos de relevancia

Desde o comezo, a emisora tivo que levar a cabo actividades radiofónicas de carácter político xa que o seu nacemento fora promovido por una razón política como era o Estatuto. Pero dentro do plan xeral pro autonomía, tamén tivo que xestionar acontecementos de relevancia, como transmisión de asembleas, mitins e campañas electorais. E non se pode esquecer que estaba en vigor a Lei de Orde Público<sup>33</sup> que daba amplas competencias ás autoridades de control sobre os contidos. Tiñan capacidade de dar autorización ou negala cando se trataba de acontecementos públicos<sup>34</sup> e podían restrinxir a actividade en épocas electorais<sup>35</sup>.

Durante a Guerra Civil, Radio Galicia queda totalmente desconectada de Unión Radio<sup>36</sup> e tivo que manter a programación con plena autonomía e baixo a censura da guerra<sup>37</sup>. Nestes anos, a propaganda a favor do Estatuto de Autonomía cámbiase por alocucións patrióticas a favor do exército de Franco, de axudas para os soldados, e sobre cuestións históricas. Un dos colaboradores habituais no ano 1936 foi o profesor da Facultade de Filosofía e Letras Manuel Remuñán<sup>38</sup>. Tamén foi salientable a presenza de Millán Astray en Santiago de Compostela o 7 de setembro, onde celebrou un acto "radiado por Unión Radio Galicia, al servicio de España".

### Os pioneiros

O primeiro responsable de Radio Galicia foi o propio director xeral de Unión Radio, Ricardo María de Urgoiti, un home polifacético, moi activo en calquera das funcións que tivese que desempeñar, e que viviu todo o proceso de mon-

taxe. Ao marchar, deixou a emisora a cargo do directivo de Telefónica en Compostela, o aragonés Agustín Perelló, que a atendeu con moi boa vontade, pero sempre nun segundo lugar, despois dos seus compromisos directos coa súa empresa. Loxicamente, esta situación non podía manterse e Urgoiti decidiu nomear un director que se ocupase profesionalmente da emisora. Nestes primeiros anos traballaba como administrativo Rafael Sanmartín Rey, un mozo de 20 anos, que pouco a pouco tivo que resolver cuestións económicas de sostemento da emisora. Urgoiti chamou a Madrid a Rafael para nomealo director oficial de Radio Galicia. Deulle un carné acreditativo da súa condición de director dentro da estrutura de Unión Radio; era un documento acreditativo que tiñan naqueles anos todos os directores de emisora. Isto debeu suceder nos primeiros meses de 1934<sup>39</sup>.

Rodrigo Rodríguez foi un dos técnicos que puxera á fronte da emisora Agustín Perelló, para poñer a andar aqueles 200 vatios de potencia. Como aprendiz axudante comezou a súa actividade na parte técnica Antonio Posse Iglesias.

Con Rafael Sanmartín comezou a traballar de administrativo Manuel González Carreró<sup>40</sup>, que quedou de director da emisora cando Rafael non puido eludir por máis tempo a súa incorporación a filas, a finais de 1937 foi destinado á Coruña. Así rematou a carreira radiofónica do primeiro director oficial de Radio Galicia.

O responsable dos informativos era o redactor-xefe<sup>41</sup> Antonio López Sánchez, que se mantivo despois do inicio da Guerra Civil.

Entre los primeiros colaboradores de Radio Galicia naqueles anos iniciais figura José Rey Alvite, que facía os programas en directo co locutor Francisco Pazos Deus, cando aínda no contaban con sistemas de gravación magnetofónica.

Outro colaborador da época inicial foi Ramón Miguel Pola, experto en temas de poesía e teatro.

Foron os primeiros pasos da radiodifusión en Galicia, acontecemento que acaba de cumprir os primeiros 75 anos ■

<sup>29</sup> A subscrición estaba establecida na cantidade de 1 a 3 peseta mensuais, con dereito a recibir a revista *Ondas*.

<sup>30</sup> Primeiros chamamentos xa en *El Eco de Santiago*, 23-VI-1933.

<sup>31</sup> *Ibidem*, 21-IX-1933, primeira páxina.

<sup>32</sup> J. V. González, topógrafo. *El Eco de Santiago*, 30-XI-1933.

<sup>33</sup> "Ley de Orden Público y de los órganos de su conservación" de 28 de xullo de 1933. *Gaceta de Madrid* 211, 30-VII-1933, número 211, pp. 683 e ss. Estaba asinada polo presidente da República Niceto Alcalá-Zamora y Torres, xunto co ministro da Gobernación, Santiago Casares Quiroga.

<sup>34</sup> *El Eco de Santiago*, 25-VIII-1933: "El ministerio de la Gobernación ha dirigido el siguiente despacho: contesto telegrama manifestándole que concedo gustoso autorización para radiar propaganda plebiscito que en el mismo interesa".

<sup>35</sup> "De manera expresa quedan prohibidos toda clase de anuncios de candidaturas, de campañas electorales, de manifiestos políticos y de discursos de igual índole pronunciados ante el micrófono de las Emisoras o gabinetes particulares. Se exceptúan de esta prohibición aquellos discursos que se pronuncien en actos públicos debidamente autorizados. La radiodifusión de tales discursos podrá ser permitida por las autoridades locales previa solicitud en cada caso. *Gaceta de Madrid* 312, 8-XI-1933. Orde asinada o día 7 polo presidente do Goberno, Diego Martínez Barrio. Reproducida en *El Eco de Santiago*, 8-XI-1933, primeira páxina.

<sup>36</sup> "De la red de emisoras de SER solo quedan en zona nacional Radio Sevilla, Radio San Sebastián e Radio Galicia", Memoria da SER con data de xullo de 1936.

<sup>37</sup> "Enrique Cánova Lacruz, comandante militar de La Coruña, y jefe de las fuerzas Armadas. Hago saber: secundando el movimiento iniciado en el resto de España por todas las fuerzas armadas de la nación para salvar su existencia y defensa pública, ordeno y mando: 1º queda declarado el Estado de Guerra...7º No se podrá hacer uso de ningún medio de publicidad sin cometer los que pretende publicarse a mi previa censura". *El Eco de Santiago*, 29-VII-1936 (non se publicaba desde o día 20, data da citada nota militar).

<sup>38</sup> Anunciábanse charlas de Remuñán en *El Eco* o 29 de setembro: "Charla patriótica conmemorando la conquista de Toledo"; o 8 de outubro, sobre o aniversario da Batalla de Lepanto; o 13 desde mes "patriótica y hermosa arenga en conmemoración de la Fiesta de la Raza"; o 14 sobre el centenario de Garcilaso de la Vega; o 7 de decembro, a petición da comisión "pro aguinaldo del soldado".

<sup>39</sup> Estes datos foron fornecidos persoalmente polo propio Rafael Sanmartín, que se desfixera do citado documento unhas semanas antes da conversa, polo tanto a data non puido ser concretada.

<sup>40</sup> Sanmartín indica que contratou a González Carreró como administrativo porque llo pedira con insistencia o seu pai. Tras o falecemento de González Carreró, foi nomeado para o cargo José María Rodríguez Maribona. Logo seguiríanlle Germán Antúñez Oliver, que foi sucedido por Ramón Pérez Pardo, xa na década dos 60. Nos últimos tempos é salientable o labor de dirección de Basilio Rogado e de Ángel Botana, que volveu dirixir Radio Galicia ata a súa recente xubilación. Actualmente, cando a emisora cumpre os 75 anos, Javier Otero ostenta o cargo de director.

<sup>41</sup> Figura con este cargo nunha información de 16 de novembro de 1936: "En la sesión de sobremesa de Radio Galicia han sido leídas unas cuartillas de nuestro Redactor-Jefe D. Antonio López Sánchez, tituladas de 'Vuelven banderas victoriosas', con motivo del regreso de la legión gallega" (*El Eco Compostelano*).